

Proposta de recursos educativos para o alumnado con NEAEs. Integración dende a área de Educación Física; unha proposta aplicada.



AUTORES: Manuel Losada González / Eduardo Roi Louzán Lema

CENTRO DE APLICACIÓN: CEIP Portofaro (Cambre)

CAMPO DE TRABALLO: 3º ciclo de Educación Primaria. Área de Educación Física

CATEGORÍA: 1 MODALIDADE: C

O proxecto que aquí se presenta é unha aplicación práctica de diversos recursos para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en concreto con Necesidades Educativas Especiais. Tratamos aplicacións prácticas para este alumnado fomentando a integración na comunidade educativa en xeral.

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.
2. OBXECTIVOS.
3. CONTIDOS.
4. METODOLOXÍA.
5. TEMPORALIZACIÓN.
 - 1ª FASE
 - 2ª FASE
 - 3ª FASE
 - 4ª FASE
6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.
7. ACTIVIDADES QUE LEVAMOS A CABO.
8. PLAN DE AVALIACIÓN.
 - Avaliación das necesidades.
 - Avaliación do proceso.
9. COORDINACIÓN DAS PERSOAS QUE FORMARON PARTE DO PROXECTO.
10. CONCLUSIÓN.
11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

XUSTIFICACIÓN

Da nosa experiencia docente, tanto en centros ordinarios coma en específicos, chegamos á conclusión de que, na área de educación física, nenos e nenas que están diagnosticados con necesidade dun reforzo educativo e mesmo adaptacións curriculares significativas, pasan polas sesións sen os recibir e en moitas ocasións, sen recibir ningún tipo de medida.

A causa disto, ben a podemos atopa na pouca información e formación neste campo ou ben na falta de medios humanos e materiais. De aí que consideremos moi importante a nosa proposta xa que aportamos recursos para este tipo de alumnado.

A nosa proposta basearase en dous grandes bloques temáticos:

-Discapacidades sensoriais: visuais, auditivas e mutismo.

-Discapacidades físico-motoras.

A nosa proposta constará, principalmente, de prácticas que serán complementadas por outra parte teórica (información, enquisa...) tratado todo dende a perspectiva dos principios de normalización e integración.

Centrarémonos na práctica xa que consideramos que a vivenciación é o mellor xeito de que perciban o esforzo que lle supón a unha persoa con algún tipo de discapacidade as actividades cotiás. Polo tanto o noso proxecto é concreto e palpable, xa que, baséase, principalmente, na práctica e na vivenciación fóra de conceptos abstractos.

Esta proposta deriva da necesidade educativa e social de crear novas vías de traballo para o alumnado con NEAE's, xa que, coma noutras áreas, as vías tradicionais polo xeral, quedan escasas.

Ca nosa proposta favoreceremos á adquisición dos elementos curriculares e contribuiremos á adquisición das competencias básicas

As competencias básicas

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas. Dende a nosa proposta buscamos contribuír ao desenvolvemento das mesmas do seguinte xeito:

1. Competencia en comunicación lingüística:

-Dende os flancos comunicativos, tanto verbais como corporais, como, por exemplo, cos aspectos comunicativos das actividades con restricións (escoita, fala, visión), lectura, comprensión e escritura de texto relacionados cas especialidades deportivas que traballamos, enquisas...

-Coa utilización e coñecemento do vocabulario específico relativo a proposta (deportes, discapacidades...).

2. Competencia matemática:

- Apreciación de distancias (Boccia, Baloncesto cadeira de rodas...)
- Interpretación dos símbolos (Sesión no encerado dixital interactivo, follas informativas...).
- Puntuacións nas diferentes tarefas, xogos e deportes (Goalball, Boccia...).

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

Mediante a percepción e interacción do noso corpo, en movemento e en repouso, nun espazo determinado. Contribuímos tamén á súa adquisición mediante o coñecemento, práctica e valoración das actividades e deportes como elemento indispensable para preservar a saúde e como medio integrador.

4. Competencia para o tratamento da información e competencia dixital:

Traballámola de diferentes xeitos coma por exemplo:

- O uso de internet para conseguir información relacionada coa temática que lles propusemos na Webquest.
- Visionado de diferentes vídeos, das diferentes disciplinas deportivas.
- Práctica de diferentes actividades no encerado dixital interactivo.

5. Competencia social e cidadá:

É intrínseca ás clases de Educación Física, xa que, sucédense as actividades grupais de cooperación e integración de persoas con discapacidades, valorando o esforzo que lles supón as persoas con discapacidades desenvolverse na súa vida corrente cotiá.

6. Competencia cultural e artística:

Traballamos o fenómeno deportivo pero non dende a perspectiva que eles/as máis coñecen que é a do deporte de rendemento (por exemplo o fútbol profesional...) senón dende a perspectiva do "Deporte para todos", facéndolles ver que todos/as o podemos practicar.

7. Competencia para aprender a aprender:

Esta competencia está relacionada coa metodoloxía e, en xeral, a desenvolvemos en toda a proposta, xa que, non utilizamos, por regra xeral, unha metodoloxía directivista fomentando así unha aprendizaxe por descubrimento.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

A buscaremos o autoconhecimento, incrementando as súas habilidades e capacidades, cunha metodoloxía que promova a busca de coñecementos por parte do alumnado. Se algo busca este proxecto é a autonomía dos nenos/as e en especial dos que teñen algunha discapacidade. Buscamos a práctica de actividade física de xeito autónomo e para iso, ademais de mostrarlles diferentes actividades e especialidades deportivas que poidan realizar no seu tempo libre, proporcionámoslles recursos para que se fabriquen o seu propio material para ditas actividades.

OBXECTIVOS

- Coñecer a actividade física dende a perspectiva de diferentes discapacidades.
- Coñecer as necesidades do centro e do entorno educativo relacionadas coas Necesidades específicas do noso alumnado.
- Practicar actividade física adaptando a súa actuación en función das condicións.
- Incrementar o dominio das habilidades motrices básicas e perceptivas.
- Valorar o deporte adaptado como exemplo de superación persoal.
- Presentar o deporte adaptado coma un recurso para os nenos/as con NEAE's e coma un sistema de colaboración para o alumnado en xeral.
- Fomentar valores deportivos de colaboración, de compañeirismo e de solidariedade a través da práctica do "deporte para todos".
- Ser capaz de poñerse no lugar de persoas con diferentes discapacidades e comprender o seu punto de vista.
- Valorar as diferenzas entre as diferentes persoas.
- Crear diferentes Reforzos Educativos tendo en conta as diferentes necesidades.

CONTIDOS

- Coñecemento da Educación Física dende a perspectiva de persoas con determinadas discapacidades.
- Boccia, Goalball, Baloncesto en cadeira de rodas e xogos en cadeiras de rodas.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas e perceptivas a través de xogos e deportes para discapacitados/as.
- Experimentación da actividade física dende a perspectiva de diferentes discapacidades.
- Valoración dos deportistas discapacitados/as como exemplo de superación de un mesmo/a
- Actitude integradora e tolerante cara as persoas con discapacidades.
- Concienciación da importancia do respecto cara os demais e da empatía.
- Elaboración dun vídeo sobre as minusvalías motoras e sensoriais.
- Elaboración de recursos e ferramentas didácticas para a súa aplicación con nenos/as con NEAE's.

METODOLOXÍA

Segundo o fío condutor dos diferentes elementos constitutivos dos currículos oficiais a metodoloxía trata o "*como ensinar*", fai referencia á forma ou xeito como imos transmitir os contidos ao noso alumnado. Buscaremos unha metodoloxía democrática, aberta e flexible da ensinanza como a que se plantexa no currículo oficial. Para iso tivemos en conta unha serie de xeralidades metodolóxicas:

-Aprendizaxe significativa: As actividades terán en conta os intereses e necesidades do alumnado, para lograr dita aprendizaxe (Ausubel) que é máis resistente ao esquecemento. Esta aprendizaxe busca a disposición positiva do individuo fronte a aprendizaxe, isto refírese ao compoñente motivacional, emocional e actitudinal, e é aquí onde radica un dos puntos máis fortes desta proposta.

-Enfoque globalizador e Interdisciplinarietà: Traballaremos interdisciplinarmente e de xeito globalizador a área de Educación Física relacionándoa coas demais áreas.

-Modificar os esquemas de coñecemento: Buscarase modificar os esquemas de coñecemento que posúen os alumnos/ás. Segundo **Vygotsky**, debemos partir da realidade e os coñecementos do alumno/a cara a aprendizaxe de novos coñecementos.

-Organización de grupos e tarefas: Este é un punto moi importante e seguindo a Orde 22 Xullo 1997 (pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos centros de educación infantil e educación primaria) agruparemos, por "*regra xeral*" e a non ser que a tarefa o requira, de xeito heteroxéneo evitando así calquera tipo de discriminación.

-Adecuación as características e idades do alumnado nas actividades, tempos, espazos e materiais.

-Educación en Valores: son aqueles temas de gran importancia para unha futura inserción na vida social adulta e que trataremos na nosa proposta onde se priorizarán: Educación cívica e moral, educación ambiental, educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, educación para a saúde e calidade de vida, educación do consumidor e educación para o ocio e tempo libre.

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE	<u>1ª FASE</u>
	1. REVISIÓN DOS REFORZOS E ACI's.
	2. FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E DESENROLO DA PROPOSTA.
	3. AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO.
	4. WEB QUEST.
2º TRIMESTRE	<u>2ª FASE</u>
	1. XOGOS DE VIVENCIACIÓN DA DISCAPACIDADE VISUAL.
	2. XOGOS DE VICENCIACIÓN DA DISCAPACIDADE MOTORA.
	3. CONTACTO E ASESORAMENTO COA ONCE E O CPAP.
3º TRIMESTRE	<u>3ª FASE</u>
	1. GOALBALL
	2. BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS.
	3. BOCCIA.
	<u>4ª FASE</u>
	1. DÍA CON RESTRICCIÓNS.
2. ACTIVIDADES AVALIACIÓN NA ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO.	
3. ENQUISAS DE AVALIACIÓN FINAL.	
4. VALORACIÓN FINAL DO PROXECTO.	

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

O espazo utilizado para o desenvolvemento do noso proxecto foron as aulas, a aula de informática, o ximnasio, a pista polideportiva, os espazos interiores do centro, e dicir, practicamente todo o recinto escolar.

Na posta en marcha deste proxecto fíxose necesario realizar reforzos educativos modificando ou reorganizando diferentes espazos debido as características do noso alumnado e das actividades que desenvolvemos. Por exemplo, cando xogamos ao "Goalball" ou ao "Fútbol para cegos" acolchamos todo o ximnasio con colchonetas.



Este proxecto, como xa se explicou no apartado anterior, tivo a duración dun curso escolar case completo (2009/2010). Para o poder desenvolver dedicámoslle unha sesión á semana dentro do noso horario lectivo e a outra a dedicamos a seguir coa programación que tíñamos pensada nun principio. Tamén dedicamos bastante tempo fóra do noso horario lectivo á posta en común e traballo sobre o proxecto. Cabe resaltar que en certos días tivemos unha disposición especial do horario coma, por exemplo, nos días nos que viñeron as asociacións colaboradoras. Estes días o 3º ciclo puido dedicar practicamente a totalidade das horas lectivas ás actividades propostas grazas ao traballo coordinado coa xefatura de estudos e co resto do profesorado.

ACTIVIDADES QUE LEVAMOS A CABO

Xogos de vivenciación de discapacidade visual

NOS MOVEMOS POLO CENTRO SEN VER

Comezamos coas actividades prácticas de sensibilización realizando tarefas relacionadas cunha discapacidade visual. Os nenos/as desprazáronse, por parellas, polo centro sen poder ver. Fixemos paradas en diferentes partes do centro e cada vez que parábamos o alumno/a que non podía ver dicíalle ao compañeiro/a onde cría que se atopaba, e este anotaba onde estaban e a resposta dada polo compañeiro.



FÚTBOL CEGO

Esta actividade desenvolveuse no ximnasio e para ela acolchamos todas as paredes con colchoneta. Ademais, dous compañeiros/as facían de asistentes para evitar que se puidesen facer dano. Con esta actividade vivenciaron xa non só o feito de desprazarse sen poder ver senón tamén á practica dunha actividade física como é o fútbol. Os alumnos/as déronse conta, das dificultades que tiveron na súa práctica.



Xogos de vivenciación de discapacidade motora

1. Xogos de vivenciación de paraplexia crural



Baloncesto con cadeira

A seguinte actividade que fixemos dentro do proxecto, foi unha relacionada coas discapacidades motoras, en concreto, o "baloncesto con cadeira". Nesta actividade os alumnos/as para lanzar debían estar sentados/as na cadeira e para desprazarse podían levantarse pero coa cadeira agarrada coas dúas mans e en contacto coas costas e as pernas.



Pases por parellas

Colocamos á clase, por parellas un enfronte doutro, estando un de pé e o outro sentado nunha cadeira. Realizaron pases entre eles e despois intercambiaron os roles para así vivenciar a dificultade de lanzar sentado en relación co lanzamento estando de pé.

Puntería ao círculo

Nesta actividade, tamén con limitacións motoras, realizaron actividades de lanzamento de precisión. Para realizar a actividade eles/as mesmos/as pintaron, no chan, un círculo cun xiz. Despois, realizaban 5 lanzamentos cada un alternativamente, ao círculo tentando deixar o disco voador o maior número de veces posibles dentro do círculo.



Pases por parellas e puntería aos cestos (Os dous sentados)

Realizaron actividades de lanzamento por parellas e de puntería pero estando os dous sentados/as. Para recoller o disco voador ou a pelota, si o lanzamento non era bo, tiñan que desprazarse cos seus brazos sen poder mover as pernas.



Lanzamos de pé, lanzamos sentados e comparamos

Nesta actividade, os alumnos/as realizaron diversos tipos de lanzamentos. En primeiro lugar o fixeron sentados, e posteriormente se puxeron de pé para comprobar a diferenza entre as dúas formas de lanzar. Deste xeito forma comprobaron empiricamente por eles mesmos/as (medindo as distancias) a dificultade de lanzar sentados/as.



VOLEIBOL ADAPTADO

O alumnado non podía mover as pernas, só podía utilizar o tren superior do seu corpo. Para desprazarse tiñan que arrastrarse ca axuda dos seus brazos. A práctica da actividade fíxonos ir modificando as regras xa que ao principio limitamos o número de toques e botes pero a dificultade, fixo que adaptáramos as normas.



Goalball

Este é un deporte de equipo creado especialmente para xogadores cegos, aínda que tamén o practican persoas videntes xa que xógase con antifaz. Baséase no uso do sentido auditivo para detectar a traxectoria da pelota en xogo (que leva axóuxeres no seu interior) e require, ademais, unha gran capacidade de orientación espacial para saber estar situado en cada momento no lugar axeitado, co obxectivo de interceptar ou lanzar a pelota.

O traballo con este deporte dividímolo en dúas fases:

1ª Fase: Parte teórica.

2ª Fase: Parte práctica.


PARTE TEÓRICA

A iniciación ao goalball comezámola cunha parte teórica onde explicamos este deporte cunhas follas que lles entregamos, nas cales, aparecía o regulamento, desenrolo do deporte, materiais, etc.

Limos as follas entre todos/as e lles fomos explicando os diferentes apartados, resolvendo as dúbidas e rematamos respondendo unhas preguntas sobre este deporte.



A seguinte actividade foi unha visualización, na sala de informática, de diferentes vídeos explicativos das regras deste deporte e de partidos utilizando o proxector .



PARTE PRÁCTICA

2.1. – Comezamos coa parte práctica realizando un xogo de aproximación a situación real que se vive no deporte. Para elo os nenos/as colocáronse un pano nos ollos. Con isto os nenos/as podían ver minimamente, *non coma no Goalball que non se ve nada*, as diferentes formas e figuras que tiñan máis próximas.



2.2.- Nesta actividade os nenos/as xogaron un partido seguindo as regras do mesmo onde os participantes non poden ter ningún resto de visión. Os xogadores/as colocáronse unhas gafas de natación pintadas de negro, e baixamos as persianas para que non viran nada. Por motivos de seguridade dous nenos/as facían de asistentes. Sacamos estas conclusións:

- Os nenos/as se concienciaron da dificultade que teñen as persoas que non ven e a dificultade que lles supón o feito de practicar deporte sendo invidente, xa que se viron moi desorientados e custáballes moito calquera movemento.
- Ademais déronse conta da importancia de ter todos os sentidos, xa que, para xogar a este deporte utilízase o sentido do oído.
- Tamén os nenos/as percatáronse de que compañeiros/as que non era habitual que destacaran nos xogos ou actividades, neste caso, si o fixeron e bastantes deles/as deuse a circunstancia de que usaban gafas (na clase de educación física quítanas, por motivos de seguridade).



Boccia

Considerada a adaptación da petanca aos Parálíticos Cerebrais. Cada xogador, parella ou equipo ten seis bolas vermellas ou azuis. O xogo consiste en colocar as túas o máis cerca posible da branca que é máis pequena que as outras. Existen diferentes modalidades de xogo:

- **Individual BC1:** Deportistas severamente afectados pero que poden lanzar co brazo ou coas pernas.
- **Individual BC2:** Deportistas severamente afectados pero con mellor capacidade funcional que os da clase 1, lanzan ca man.
- **Individual BC3:** Son os deportistas co maior nivel de afectación. Non poden lanzar ni ca man ni co pe. Precisan usar unha canaleta para lanzar a bóla, empregando unha persoa como auxiliar, que terá que colocarse de costas ao terreo de xogo, para mover a rampa e colocar a bóla.
- **Parellas:** Formadas por dous xogadores e un reserva de categoría BC3.
- **Equipos:** Formados por 3 xogadores e 1 reserva, ao menos un de categoría BC1 e os outros de categoría BC2.


PARTE TEÓRICA

A fixemos do mesmo xeito ca no Goalball onde unha parte utilizamos unhas follas explicativas e noutra visionaron vídeos explicativos e demostrativos.



PARTE PRÁCTICA

Comezamos pintando o campo entre todos e aprenderon cómo se fai por si quixeran xogar no seu tempo libre e coñecer de primeira man as dimensións do terreo de xogo.



Despois pasamos a practicar e vivenciar dito deporte en diferentes modalidades:

1. Modalidade Individual BC1 e Individual BC2: lanzaron empregando o brazo ou o pé pero sen poder mobilizar o seu tren inferior.



2. Modalidade Individual BC3: lanzaron empregando só a súa cabeza, non podía mobilizar ningunha outra parte do seu corpo. Lanzaron coa axuda dun compañeiro/a que facía de auxiliar que, colocándose de costas, colocaba a canaleta seguindo as indicacións do lanzador/a.



Rematada esta actividade tamén chegamos a unha serie de conclusións:

- Con estas actividades de iniciación á Boccia os nenos/as se concienciaron da dificultade das persoas que teñen reducida a súa mobilidade. Viron a dificultade de lanzar con precisión sentados/as e vivenciaron as dificultades que lles supón o feito de practicar un deporte tendo limitacións motoras.
- Valoraron a importancia da capacitación total a nivel motor para poder practicar deporte e, polo tanto, para a vida en xeral. Cabe resaltar que identificaron as persoas que practican este deporte con rapaces do colexio, o que é moi importante no proceso de integración.

Goalball (ONCE)

Despois de que os nenos/as coñeceran, a través de nos, o deporte do Goalball pensamos que sería unha boa idea que os nenos/as tiveran unha sesión cunha organización que tivera deportistas especializados nesta disciplina deportiva e para isto contamos cunha gran e grata colaboración da Organización Nacional de Cegos Españols(ONCE). Para esta sesión a ONCE colaborou dun xeito maravilloso xa que dispuxo todo o necesario para a mesma: persoal especializado, material, montaxe do campo, explicación do regulamento oficial e xa por último, parte práctica para os nenos/as cun árbitro.

1.- Tito ensínanos o Goalball.

Require un especial agradecemento porque ademais de informarnos na fase autónoma previa , o día que viñeron trouxeron todo o material e montaron e desmontaron o campo.

2.- Material

No relacionado ao material trouxeron gafas alcolchadas que non permitían resto algún de visión.



3.- Montaxe do campo.

A ONCE dispuxo de todo o necesario: cordas de diferentes tamaños e cinta de embalar.

Ao permitirnos colaborar no montaxe do campo aprendemos como o facer correctamente para prácticas posteriores. Para conformar o campo dispoñían cordas ao longo do chan e pasáballe por riba cinta de embalar e así as liñas podían ser tocadas polos xogadores/as mentres xogaban e poder orientarse.



4.- Explicación do regulamento oficial e demostracións prácticas.

Tito explicou ao alumnado o regulamento oficial, ensinoulles o material e incluso fíxolles algunha demostración práctica. Fíxolles ver a importancia de ter un “bo oído” e explicoulles que a este deporte xógase en silencio absoluto.



5. Os nenos xogando con Tito coma árbitro.

Agora os nenos/as pasaron á parte práctica deste deporte. Realizaron diferentes partiðiños entre eles/as e Tito fíxolles de árbitro e guía, xa que os ía orientando no espazo e no regulamento durante o transcurso dos partiðiños.



Boccia e Baloncesto en cadeira de rodas (CPAP-Bergondo)

Para seguir á mesma estrutura de traballo contamos cunha asociación especializada no tema, o CPAP de Bergondo.

Se a ONCE colaborou dun xeito extraordinario o CPAP non se quedou atrás e dispuxo moitas cousas:

- Gran dotación de persoal: viñeron ata 9 persoas onde había; unha animadora socio-cultural, 3 especialistas en Boccia, 4 especialistas e un monitor e árbitro de Baloncesto en Cadeira de rodas e unha encargada da sección de deportes.
- Material: 5 cadeiras de rodas adaptadas para baloncesto en cadeira, balón oficiais de baloncesto, bólas, canaletas e compás de Boccia.
- Parte práctica para os nenos/as con árbitro.

Material:

Cadeiras de rodas adaptadas para o deporte de baloncesto.



Bolas e canaletas para xogar a Boccia.

O CPAP distribuíu ao alumnado en dous grupos, onde uns ían a xogar ao baloncesto en cadeira de rodas e o outro grupo quedábase practicando a Boccia.

BOCCIA

Os nenos/as tamén coñeceron, a través de nós, o deporte da Boccia con diferentes actividades no centro e, ao igual que co Goalball, pensamos que sería unha boa idea que os nenos/as tiveran unha sesión organizada por outra organización colaboradora e con deportistas especializados nesta disciplina. Ademais o CPAP conta con numerosos deportistas que compiten a nivel estatal e incluso contan nas súas filas cunha subcampiona de España na modalidade BC1. Esta actividade foi seguida con moita atención por todo o alumnado pero de especial xeito polos nenos que hai no centro con parálise cerebral xa que é un deporte específico deles.

Explicación do regulamento oficial por parte da monitora.

Os grandes xogadores federados dándonos unhas clases prácticas.



Nós tamén xogamos



Baloncesto en cadeira de rodas (CPAP-Bergondo)

O CPAP conta con deportistas de baloncesto en cadeira de rodas e plantexáronos a posibilidade de facer a sesión conxunta ca Boccia. Nos pensamos que sería unha boa idea e que ademais gardaba una estreita relación coa actividade que xa habíamos feito co alumnado de "Baloncesto con cadeira". Para esta actividade os nenos/as dispuxeron de cadeiras adaptadas. Ao ser adaptadas a base de sustentación e maior e gáñase en estabilidade e facilidade para facer os xiros, ademais son máis lixeiras e rápidas que as cadeiras que non son para o deporte. Os nenos/as vivenciaron esta vez un deporte que xa habían practicado moitas veces pero esta vez coa limitación motora de non poder utilizar o tren inferior. Os nenos do colexio que teñen parálise cerebral, probaron este entretido deporte e a facilidade de moverse cunha cadeira deste tipo.

Antes de comezar explicáronnos ben o regulamento e o xeito de xogar



A xogar



DÍA CON RESTRICCIÓNS

Para rematar coas actividades, propuxemos a todo o entorno educativo levar a cabo unha xornada de vivenciación de discapacidades durante unha xornada escolar. Esta xornada escolar tivo relevancia non só para o alumnado que vivenciaba con algún tipo de limitación o día dende dentro senón que tamén afectaba ao resto de alumnado do centro á hora de interactuar e aos docentes á hora de dar as clases.

1. Comezamos o día pasando unhas follas iniciais de valoración de cómo creían que ían ser diferentes aspectos:

- Dentro da aula (entender explicacións, participar na clase...)
- Na clase de Educación Física (entender as explicacións, participar nos xogos ou tarefas...)
- No recreo (xogar cos compañeiros/as, moverse polo centro, relacionarse cos demais...).

2. Vivenciación da xornadas coas diferentes limitacións sensoriais ou motoras.

Neno con simulación de discapacidade sensorial (hipoacusia).



Nena con simulación de minusvalía física dunha extremidade superior.

Nena con simulación de discapacidade sensorial.



Neno con simulación de discapacidade sensorial (Hipovisión).



Neno con simulación de minusvalía física dunha extremidade inferior.



3. Volta a facer as follas de valoración pero esta vez a modo de avaliación final.


4. Valoración e posta en común co alumnado e o profesorado de cómo transcurriu dita xornada.

Houbo unha xuntanza ao final do día cos mestres e alumnado que participou, para analizar o sucedido.

Todos/as estiveron de acordo nas dificultades que lles supuxo o feito de convivir cunha discapacidade. Houbo aspectos significativos cos que non contaban á hora de comezar a xornada como por exemplo: ir ao baño ou xogar no patio cos compañeiros/as. A súa valoración subxectiva, á hora de falar con eles/as, sobre o nivel de dificultade deste día con restricións foi moito máis significativa que dos días que lles plantexamos actividades prácticas. O motivo disto pode ser que conviviron cunha discapacidade durante toda una xornada escolar e non só durante unha actividade concreta nunha clase como fixeron ata ese momento.

ACTIVIDADES TIC

- Sesións prácticas no encerado dixital.
- Web quest.
(Incluídas no DVD).



PLAN DE AVALIACIÓN: INDICADORES E INCIDENCIAS NA PRÁCTICA EDUCATIVA

No plan de avaliación, temos que falar de dous momentos; un primeiro momento que imos denominar coma “avaliación das necesidades do proxecto” e un segundo ou último proceso que denominaremos “avaliación da posta en práctica do proxecto”.



- AVALIACIÓN DAS NECESIDADES DO PROXECTO.

Se facemos unha avaliación obxectiva das necesidades actuais dos nenos/as con NEAE's e en concreto en Educación Física e máis tendo en conta que o contexto corresponde a un centro de atención preferente, atopamos unha serie de demandas básicas:



-AVALIACIÓN DO PROCESO.

Polo que podemos observar, no centro onde desenrolamos o proxecto, así coma noutros de similares características, en Educación Física non se tende cara a integración e normalización do alumnado con NEAE's. Con isto non queremos dicir que haxa marxinación ou discriminación, senón que dende a Educación Física non se pode ofertar unha educación na que os nenos e nenas con NEAE's se atopen plenamente integrados, ou ben pola falta de medios humanos e materiais ou ben por simple descoñecemento das actividades que se poden aplicar.

Despois de aplicar o proxecto, conseguimos que os alumnos/as con algún tipo de discapacidade, experimentaran varias propostas de actividades que antes descoñecían, e que poden levar a cabo tanto na escola coma no seu tempo de Ocio. Este recurso é igual de válido para as familias.

O alumnado que non ten ningún tipo de discapacidade, aprende a ser útil aos nenos e nenas que si teñen algunha, progresando cara a integración e a superación de diferenzas.

Conseguimos que os alumnos e alumnas aprenderán deportes e actividades para persoas con discapacidade, esperando que os alumnos e alumnas sen NEE se interesen por estas actividades como Boccia, Goalball ou calquera das actividades que aplicamos xa que eles e elas son fundamentais para que estas se leven a cabo. Da mesma forma, comprobamos veridicamente que algúns dos nosos alumnos/as obtiveron recursos para practicar deportes que antes non sabían que podían facer; é o caso dun alumno que despois de aplicar o proxecto, pasou a practicar a Boccia no seu tempo de lecer.

O centro colaborou no proxecto poñendo todos os medios ao seu alcance; acondicionando espazos para as distintas actividades, axustando os tempos para poder desenrolar a proposta de forma axeitada e colaborando e acollendo as asociacións que colaboraron connosco así axudando na reportaxe fotográfica.

Como avaliación do noso proxecto, pasamos ao alumnado as enquisas de avaliación final, e as contrastamos coas de avaliación inicial. Os resultados se reflexan nun documento dentro do DVD.

COORDINACIÓN DAS PERSOAS QUE LEVARON A CABO O PROXECTO

Os docentes que levamos a cabo o proxecto, somos Manuel Losada González que estaba destinado no curso 2009/2010 no CEIP Portofaro e Eduardo Roi Louzán Lema que estaba destinado no CEIP Ramón Otero Pedrayo.

A proposta levouse a cabo no CEIP Portofaro, polas condicións de centro de atención preferente do mesmo. O proxecto desenrolouse entre os dous Mestres mantendo entre dúas

ou tres reunións semanais. Estas reunións empregáronse nunha primeira parte para facer un estudio das necesidades e para informarnos e documentarnos a cerca do tema que queríamos traballar.

Unha segunda parte na que se deseñaron as actividades e as enquisas de avaliación.

E ao longo do proxecto, analizábase o discurrir do mesmo así como nos poñíamos en contacto coas asociacións coas que colaboramos. A aplicación práctica do proxecto foi levada a cabo por Manuel Losada.

A última parte foi para sacar conclusións e darlle forma ao proxecto.

CONCLUSIÓN

Unha vez aplicado o proxecto, quixeramos sacar varias conclusións.

A primeira vai enfocada a inclusión das actividades do proxecto coma reforzos educativos no caso de detectarse no centro algunha Necesidade Específica relacionada con algunha das que plantexamos na proposta. E dicir, que se se diagnostica no centro a un alumno/a con algunha necesidade que se recolla no proxecto, se considere a posibilidade de realizar un reforzo baseado nas actividades do mesmo.

Por outra banda, en relación co alumnado, conseguimos que o alumnado sen Necesidades Específicas, se sensibilizara e comprendera aos alumnos/as con necesidades, mediante a vivenciación das diferentes actividades. Con isto o que conseguimos e favorecer a súa integración.

En relación aos alumnos/as con discapacidade, con esta proposta conseguiron acadar obxectivos curriculares que con anterioridade non conseguiran. Ademais de facilitar a súa integración coas actividades prácticas, con estas proporcionámoslles alternativas de actividade física para o seu tempo de lecer.

Destacamos a importancia de abrir o contexto educativo a diferentes asociacións, coma neste caso a ONCE e o CPAP. As vantaxes que atopamos son moitas, por exemplo:

- Como formación para o profesorado.
- Para os nenos/as con NEAEs que poden participar na súa estrutura coma deportistas.
- Comprobar en primeira persoa cómo é o deporte adaptado practicado por persoas con discapacidade.

Por último, queríamos mencionar a adaptabilidade do proxecto a calquera centro educativo, xa que non é unha proposta pechada. Só é dependente da avaliación inicial do mesmo e da implicación de todo o profesorado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

LIBROS

- ✍ Annichiarico Ramos, R. (2005). "Manual de didáctica de la Educación Física. Santiago de Compostela: Copy Nino.
- ✍ Cumellas, N (2006). Discapacidades motoras y sensoriales en Primaria. Barcelona: Inde.
- ✍ Delgado Noguera, M. (1991) "Los estilos de enseñanza en Educación Física. Propuesta para una reforma de la enseñanza". Granada: ICE de la Universidad de Granada.
- ✍ M.E.C. (1997). El área de Educación Física y el alumnado con discapacidad motora. Madrid: M.E.C.
- ✍ Mosston, M. (1978 y 1993) "La enseñanza de la Educación Física". Barcelona: Hispano Europea.
- ✍ Taberner Sánchez, B; (2003). "Educación Física. Propuestas para el cambio". Barcelona: Paidotribo.
- ✍ Toro, S.; Zarco, J (1995). Educación Física para niños y niñas con necesidades educativas especiales. Málaga: Aljibe.
- ✍ V.V.A.A. (2006). "El juego y los alumnos con discapacidad". Barcelona: Paidotribo.
- ✍ Losada González, M (2008). "Aplicación de las Tic's en EF en el ámbito escolar". ED:Lulu.

ARTIGOS

- ✓ Louzán Lema, E.R. (2007) "Pautas metodológicas para la intervención con alumnos con NEE desde la Educación Física". Revista dixital: efdeportes.com

PÁXINAS WEB

- <http://www.who.int/es/> (Organización Mundial da Saúde)
- <http://www.adfilpa.org/> (Asociación de discapacitados físicos de Palma)
- <http://usuarioscpapbergondo.blogspot.com/> (Cpap – Bergondo)
- <http://www.once.es/new> (Organización Nacional de Ciegos Españoles)